

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011105	CEIP de Mesón do Vento	Ordes	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	3
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	4
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	6
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	6
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	7
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	7
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	8
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	8
o) Outros apartados	8

### **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

Todos os obxectivos das etapas infantil e primaria han ser acadados ao remate da escolaridade; con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro conta cunha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles. Así, temos establecidos como prioritarios no noso Proxecto Educativo:

No ámbito pedagóxico.

- Renovación pedagóxica: traballo por proxectos, integración das TICs no día a día da aula, educación emocional, aprendizaxe cooperativa, interdisciplinariedade.
- Participación nos programas de formación do profesorado.
- Internacionalización da actividade pedagóxica do centro.

No ámbito de xestión.

- Dixitalización do traballo administrativo
- Organización e implementación dunha estrutura de traballo efectiva nos grupos de coordinación pedagóxica

No ámbito da comunidade educativa e o entorno.

- Apertura ao entorno
- Impacto na comunidade
- Sentimento de pertenza ao centro educativo
- Difusión das accións realizadas no centro
- Implementación de proxectos de aprendizaxe servizo e produtos sociais relevantes

### **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

As competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado que introduce orientacións sobre o nivel de desempeño esperado ao remate da educación primaria a través dos correspondentes descritores operativos. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de conseguir a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Esas competencias son:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresións culturais.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha axeitada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Entre os criterios máis importantes para incorporar elementos transversais, destacamos os seguintes:

- Que fomenten o respecto, a convivencia, a igualdade e a coeducación.
- Que promovan o respecto pola natureza, a ecoloxía sostible e os hábitos de hixiene.
- Que fomenten a vida saudable e a actividade física.
- Que promovan o gusto polas artes, a música e as diferentes culturas.
- Que fomenten a educación en valores e altruísta.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O profesorado do CEIP Mesón do Vento encamiñará a súa actuación pedagóxica tratando de dar resposta ás necesidades do alumnado para facilitar a súa educación integral e a integración e éxito na sociedade. Fomentando valores como o respecto, a ecoloxía, a tolerancia, a igualdade de xénero, a convivencia, a xustiza, a solidariedade e a convivencia pacífica como eixes dunha sociedade democrática. Estas liñas fan referencia ó ámbito pedagóxico:

- 1) Adquisición das habilidades e competencias clave, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento integral do alumnado.
- 2) Potenciación das habilidades relativas á comprensión lectora, a expresión escrita, ao razoamento lóxico-matemático e ao pensamento crítico dende as distintas áreas.
- 3) Atención á diversidade, fomentando as capacidades individuais, garantindo a igualdade de oportunidades e establecendo as medidas organizativas curriculares necesarias.
- 4) Uso das TICs normalizado no día a día do centro, incorporándose metodoloxías cooperativas e innovadoras ás dinámicas das clases, fomentando unha ensinanza activa, dinámica e motivadora.
- 5) A innovación educativa é unha poderosa ferramenta para mellorar a nosa práctica docente, polo que se promoverá a creación de novos proxectos pedagóxicos, a inclusión desta á práctica docente e fomentando a formación do profesorado e a difusión entre o claustro.
- 6) Fomento do uso da lingua inglesa a través de proxectos de internacionalización e inmersión lingüística, integrando este idioma nas diferentes áreas e ámbitos de traballo.
- 7) Fundamentación na educación en valores, o respecto ás normas de convivencia as habilidades sociais e a afectividade como medidas para o desenvolvemento da personalidade e a integración do alumnado.
- 8) Creación dun clima de convivencia apropiado para o desenvolvemento do proceso educativo, promovendo a educación emocional, mellorando a autoestima e favorecendo a participación do día a día do centro e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.
- 9) Potenciación da creatividade e o pensamento crítico.
- 10) Creación dun clima de igualdade e coeducativo, independente dos roles de xénero.
- 11) Fomento dunha escola integradora e aberta á participación das familias e da comunidade educativa.
- 12) Uso dos mecanismos necesarios para fomentar a autoavaliación e mellora tanto do alumnado como do profesorado.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Infantil:

Os materiais axeitaranse ás características do alumnado, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización. Entre el destaca: o material funxible, o material de refugallo, o material procedente da natureza como pedras, cunchas, madeira,...o material propio do xogo simbólico, de construción, mesas de xogo, contos, diferente elementos relacionados cos proxectos a traballar,...

Educación primaria

Os recursos materiais empregados nas aulas deben complementar a acción do profesorado e as súas metodoloxías, seguindo as instrucións que se recollen no Proxecto Educativo: o compromiso de uso de metodoloxías activas e que centran a aprendizaxe no alumnado e nos seus intereses e necesidades. Os libros de texto non poden condicionar a aprendizaxe nin marcar as pautas da ensinanza.

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Non temos itinerarios nin optativas.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Periodicamente o alumnado participa de actividades complementarias que reforzan e amplían a aprendizaxe que ocorre nas aulas, crean centros de interese e promoven a participación na sociedade. Estas actividades están organizadas polas titoras, os diversos equipos docentes, o centro, a ANPA, o concello e outros órganos sociais que propoñan este tipo de accións. Os propios equipos docentes son os responsables de analizar, avaliar e organizar as actividades complementarias, dacordo coa Programación Xeral Anual. As liñas mestras para as actividades complementarias no noso centro son:

- 1) Debe ser accesible e segura en termos de desprazamento e comodidade para alumnado e profesorado.
- 2) Priorizaremos actividades/proxectos a custe cero ou reducido onde só teñamos que pagar o transporte.

Os obxectivos principais que como centro consideramos deben cumprir as nosas actividades son:

- a) Complementar o currículo das diferentes áreas.
- b) Incidir na medida do posible nos temas transversais.
- c) Fomentar actitudes culturais no alumnado contribuíndo deste xeito ao seu desenvolvemento.
- d) Desenvolver habilidades sociais e autonomía adecuadas nos/as nosos/as alumnos/alumnas.
- e) Crear hábitos de participación.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

No contexto de avaliación continua, cando o avance dun/ha alumno/a non sexa o axeitado, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese/a alumno/a en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. En consecuencia, aprobando avaliacións posteriores recupéranse as avaliacións anteriores.

O deseño dos plans de reforzo debe atender, entre outros, aos seguintes criterios:

- Debe identificar o/a alumno/a.
- Partir da avaliación de necesidades do alumnado e determinar o nivel de competencia curricular nas áreas nas que precisa o reforzo educativo.
- Elaborar a resposta educativa atendendo ás necesidades detectadas en ditas áreas.
- Debe establecer que aspectos favorecen ou dificultan as aprendizaxes.
- Ten que identificar o estilo de aprendizaxe do alumnado.
- Debe identificar a conduta e actitude do alumno/a.
- Ten que identificar que situación específica precisa reforzo:  
Alumno con necesidade específica de apoio educativo.  
Incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Determinar os ámbitos a reforzar: Persoal, social e/ou familiar.
- Identificar os profesionais que participan nas tarefas de reforzo educativo.
- Debe especificar en que áreas se realiza a intervención educativa, os mínimos de aprendizaxe esixibles e os elementos metodolóxicos a modificar.
- Debe incluír unha avaliación do propio plan de reforzo.
- Debe reflexar os datos da intervención educativa:

Data da elaboración:

Duración prevista:

Medidas adoptadas:

Apoio PT

Apoio AL

Apoio ordinario por profesorado con dispoñibilidade horaria

RE do mestre da área

AC

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Cando un alumno ou alumna de Educación Primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. O plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesor titor, e desenvolverase o longo de todo o curso. En cada sesión da avaliación farase un seguimento do Plan Específico de reforzo e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O deseño dos plans de reforzo deben atender, entre outros, aos seguintes criterios:

- Debe identificar o alumno/a.
- Partir da avaliación de necesidades do alumnado e determinar o nivel de competencia curricular nas áreas nas que precisa o reforzo educativo.
- Elaborar a resposta educativa atendendo ás necesidades detectadas en ditas áreas.
- Debe establecer que aspectos favorecen ou dificultan as aprendizaxes.
- Ten que identificar o estilo de aprendizaxe do alumnado.
- Debe identificar a conduta e actitude do alumno/a.
- Ten que identificar que situación específica precisa reforzo:  
Alumno/a que permanece un ano máis no curso.
- Determinar os ámbitos a reforzar: Persoal, social e/ou familiar.
- Identificar os profesionais que participan nas tarefas de reforzo educativo.
- Debe especificar en que áreas se realiza a intervención educativa, os mínimos de aprendizaxe esixibles e os elementos metodolóxicos a modificar.
- Debe incluír unha avaliación do propio plan de reforzo.
- Debe reflexar os datos da intervención educativa:

Data da elaboración:

Duración prevista:

Medidas adoptadas:

Apoio PT

Apoio AL

Apoio ordinario por profesorado con dispoñibilidade horaria

RE do mestre da área

AC

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Fomentaremos unha avaliación global, continua e formativa; e teremos en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto do procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o avance dun/ha alumno/a non sexa o axeitado, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese/a alumno/a en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. En consecuencia, aprobando avaliacións posteriores recupéranse as avaliacións anteriores.

A avaliación dos aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto os aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que estableceremos indicadores de logro nas programacións docentes.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora do grupo, valorará, de forma colexiada, o avance do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Na avaliación promoverase o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Tal como indica a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro a promoción en 1º, 3º e 5º de Educación Primaria será automática.

Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O noso claustro acordou que o alumnado de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, repetirá curso, se suspende dúas materias instrumentais, ou tres que non sexan instrumentais, se así o decide a titora xunto co resto de profesorado do grupo.

Segundo o establecido no punto 3 do artigo 20 (Avaliación durante a etapa) da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro: Si nalgún caso se considera que un/unha alumno/a debe permanecer un ano máis no mesmo curso, organizarase un plan específico de reforzo para que durante ese curso poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, en todo caso, carácter excepcional.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os/as nenos/as desta etapa poderán contar cunha mención honorífica si as profesoras consensuadamente consideran que teñen un rendemento académico excelente. Este recoñecemento darase a aqueles/as escolares que ao finalizar a primaria teñan sobresaliente en varias áreas «e que demostren un rendemento académico excelente». A mención constará na acta de avaliación.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Criterios para a elaboración das programacións:

- Deben ser instrumentos útiles para o ensino e o aprendizaxe, non convertelas nun simple trámite.
- Facelas en equipo.
- Atender ás necesidades máis importantes do alumnado do noso Centro.
- Contemplarán os obxectivos, contidos e a súa distribución temporal por unidades didácticas adaptados ás características do centro e do alumnado, incluíndo as distintas medidas de atención á diversidade que puideran levarse a cabo.
- Atenderán ás necesidades detectadas nas Probas de Avaliación de Diagnóstico e terán en conta a Atención á Diversidade.
- Guiarse por criterios de aprendizaxe relevantes e imprescindibles.
- Introducir a lectura, a expresión oral e o razoamento práctico en cada unha das áreas, en definitiva, as competencias claves: lingüística e matemática.
- Establecer relacións cos distintos programas do Centro.
- Potenciar desde a programación didáctica, o traballo por tarefas, e o aprendizaxe cooperativo en cada unidade.
- Os equipos docentes desenvolverán as programacións didácticas da áreas que lle correspondan, incluíndo medidas de atención á diversidade.
- Incluir criterios de avaliación e promoción.

Para a avaliación das programacións, usaremos os seguintes indicadores de logro:

Valoración:

- 1 - insuficiente;
- 2 - aceptable;
- 3 - ben;
- 4 - moi ben.

1. Os contidos seleccionados permitiron desenvolver axeitadamente os criterios de avaliación fixados.

2. Os contidos seleccionados foron variados.

3. Os resultados de avaliación seleccionados permitiron avaliar axeitadamente os aprendizaxes.

4. Os instrumentos previstos para obter información sobre os aprendizaxes adquiridos estiveron adaptados e foron variados.
5. A metodoloxía prevista foi variada e permitiu realizar actividades individuais, en grupo,...
6. Contempláronse medidas de atención á diversidade.
7. Propostas de mellora.

#### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O centro basea a súa participación en proxectos de innovación, plans e programas da Consellería segundo os principios e obxectivos recollidos no Proxecto Educativo. Por iso, este ano participamos nos seguintes:

Plans de Formación Permanente do Profesorado, dúas liñas de traballo: competencia dixital e competencia en educación inclusiva e coeducación.

Bibliotecas: programa biblioteca creativa, biblioteca inclusiva, PLAMBE

Tamén temos a acreditación de Erasmus+ ata o 2027 onde intentaremos afondar na formación con cursos por Europa de todo o anterior, e na competencia lingüística e na divulgación dos diversos camiños de Santiago.

Plan director.

Plan proxecta: Vexo, vexo, Xacobeo.

Learning from the Extremes, programa experimental europeo onde fomos seleccionados e trata de dotar aos centros de maiores recursos tecnolóxicos e formación para toda a comunidade educativa.

#### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A concreción curricular será revisada ao principio de cada curso escolar. No caso de que teña que ser modificado, farase ao inicio do curso coas propostas do claustro e será levada ao Consello Escolar para a súa aprobación. Así mesmo, será revisada e si é necesario modificada, cando así o solicite algún membro do Consello Escolar e se aprobe por maioría.

#### **o) Outros apartados**

##### **1. Non temos outros apartados**

Non temos outros apartados